



VENRES 6 DE MAIO ÁS 19:00 H

CASA DA CULTURA "RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ"

ESPECTÁCULO MUSICAL PARA OS MÁIS PEQUENOS (DE 0 A 5 ANOS)

galicia

En concerto

PABLO DÍAZ

Xente miúda, moita fartura

Actividade de dinamización lingüística




falaRedes
programa de dinamización lingüística





VENRES 6 DE MAIO ÁS 19:00 H

CASA DA CULTURA "RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ"

ESPECTÁCULO MUSICAL PARA OS MÁIS PEQUENOS(DE 0 A 5 ANOS)

Xente miúda, moita fartura

A terceira das actividades do FalaRedes 2016 chegará, durante a primavera, a dezaoito concellos da Rede de Dinamización Lingüística para ofrecerlle ao público familiar con cativada de 0 a 5 anos unha opción de ocio de calidade en galego e un amplo repertorio de cancións coas que acompañar os momentos cotiáns do universo miúdo.

Axente miúda da casa é , ano tras ano, a protagonista máis especial do FalaRedes.

A quinta edición do programa de dinamización lingüística que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta a terceira das súas propostas: Xente miúda, moita fartura, concertos en directo do recente traballo discográfico homónimo de Pablo Díaz, un dos referentes máis destacados da música infantil feita en Galicia.

A actividade chegará, durante a primavera, a dezaoito concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) para ofrecerlle ao público familiar con cativada de 0 a 5 anos unha opción de ocio de calidade en galego e un amplo repertorio de cancións coas que acompañar os momentos máis cotiáns do universo miúdo (os aniversarios, a hora de durmir, a hora de gardar os xoguetes...).

Da man de Pablo Díaz (voz, harmónica, acordeóns e percusións), Carmen Rey (piano e voz) e Tito Calviño (guitarra acústica), a música cantada volve ser o mellor vehículo para promover o uso da nosa lingua propia na familia e a súa transmisión interxeracional.

De abril a maio, poderase gozar en Ames, Arteixo, Arzúa, Boiro, Ordes, Rois, Teo, Val do Dubra, O Barco de Valdeorras, Castro Caldelas, Ribadavia, Xinzo de Limia, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Lalín, Soutomaior e Valga. Coma sempre no FalaRedes, **a entrada será libre e de balde ata completar a capacidade das salas**. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal) e tamén nas redes sociais do programa.